

# Historia 1º ESO


## A PREHISTORIA



## A PREHISTORIA

1. A evolución humana: o proceso de hominización.
2. As etapas da Prehistoria.
3. O Paleolítico: cazadores - recolectores.
4. O Neolítico.
5. A Idade dos Metais.

### 1.- A EVOLUCIÓN HUMANA: O PROCESO DE HOMINIZACIÓN.



# 1. Le a cuestión “A evolución humana: o proceso de hominización” no teu libro. Completa o cadro para saber

O “homo” sae de África primeiro a Asia e logo a Europa. Completa:  
**como foi a evolución dos homínidos.**

	Onde vivían?	Como vivían?	Destacarías algo?
Neanderthais	Europa	Usaban o lume.	Desapareceron.
Homo Sapiens	Teñen a súa orixe en África, e expándense logo por Europa.	Aparece a arte (pinturas e grabados rupestres) e unha nova técnica de tallado e elaboración de feramentas.	Reemplazaron aos neandertais, pero conviviron con eles durante uns 10.000 anos.

## 2.- AS ETAPAS DA PREHISTORIA.

2. Completa o cadro das etapas da prehistoria:

PREHISTORIA				
IDADE DE PEDRA		IDADE DOS METAIS		
Paleolítico	Neolítico	COBRE	BRONCE	FERRO
Que facían coa pedra?  Tallaban a pedra.	Que facían coa pedra?  Perfeccionan a pedra tallada, pulimentándoa (alisándoa): pedra puída (pulida).	Que facían co metal?  Comezan a usar o metal: cobre, bronce e ferro. Fan obxectos de adorno, armas e utensilios de traballo.		

### 3.- O PALEOLÍTICO (CAZADORES-RECOLECTORES, NÓMADES).

#### 3. Que foron as glaciacións? Como repercutiron nos homínidos?

Segundo o dicionario da RAG, unha glaciación é un “Período durante o cal grandes zonas da superficie terrestre estiveron cubertas polo xeo ou por glaciares”.

As glaciacións tiñan fases:

- Frías (glaciares: Enormes masas de xeo de ata máis de mil metros, chegaron a cubrir media Europa.)
- Outras máis cálidas (interglaciares: fundíase parte do xeo, aumentaban as chuvias, elevándose o nivel das augas mariñas).

#### 4. Como conseguían os alimentos no paleolítico?

Tiñan unha economía depredadora: conseguían o alimento cazando (cervos, mamuts, bisontes, ...), pescando e recolectando (recolendo froitos silvestres que atopaban na natureza).

#### 5. Que utensilios e materiais utilizaban no paleolítico?

- Pedra tallada. É a idade da **pedra tallada**. Os homínidos paleolíticos fabricaban ferramentas de pedra. Tallaban un núcleo de pedra grande e, a base de golpes con outra pedra, fabricaban **bifaces**, instrumentos cortantes, puntas de **frecha**...
- Madeira. Tamén usaban a madeira ( para facer **lanzas**, p.ex.) ou **ósos** ( facían **agullas**, **arpóns**, ...). Como o paleolítico abrangue un período moi longo de tempo os utensilios vanse ir perfeccionando.
- O lume. Un elemento fundamental na vida do home paleolítico foi o **lume**. Con el obtén luz e calor, cociña os alimentos, e pode ser unha arma contra os animais salvaxes, ....

#### 6. Por que eran nómadas no paleolítico?

As súas actividades (caza, pesca, recolección) dependían en gran medida da cantidade de froitos que había nunha zona ou mesmo dos movementos migratorios dos animais. Polo tanto, tiñan que ser nómadas, é dicir, debían trasladarse dun lugar a outro na busca de alimento, porque tiñan que seguir aos rabaños ou porque se esgotaran os froitos silvestres.

#### 7. Como eran as súas vivendas?

As súas vivendas eran de dous tipos. Utilizaban:

- Covas, nas que vivían durante un tempo non moi longo (p.ex. para pasar o inverno ) ou...
- Chozas que se podían montar e desmontar fácil e rapidamente.

#### 8. Que manifestacións artísticas tiñan? Explica cada unha delas.

- Pintura rupestre. Nas paredes das covas representaban escenas de caza, como as que aparecen na Cova de Altamira en Cantabria.
- Obxectos de ósos ou marfil.
- Pequenas figuras de mulleres (chamadas Venus porque se relacionaban coa fecundidade).
- Colares, bastóns de mando, ...



## 4. O NEOLÍTICO.

### 9. Que cambios importantes están asociados ao Neolítico?

1. Cambio climático: viven un período máis cálido, que permite o sedentarismo.
2. Cambio na forma de produción:
  - Economía produtora baseada na agricultura (sobre todo de cereais) e na gandería (ovellas, porcos, vacas, ... para producir carne e leite fundamentalmente ).
  - División do traballo: agricultores, gandeiros, artesáns ...
  - Hai excedente, é dicir, prodúcese máis do que poden consumir. Nace así o comercio.
3. Cambio nos utensilios e ferramentas:
  - Utensilios de pedra puída.
  - Aparece a cerámica,
  - Técese roupas a base de la, liño ...
4. Cambio na forma de vida:
  - Os grupos humanos fanse sedentarios.
  - As vivendas fanse máis sólidas, nacen así os poboados, aldeas...

### 10. Sinala os 4 lugares onde se produciron estes cambios.

Algunhas zonas de India, China e América.

O Crecente Fértil: zona que vai desde o Nilo (Exipto) ata Mesopotamia. Aquí será onde se desenvolverán as grandes civilizacións na Idade Antiga: p.e. o Exipto do faraóns.



## 5.- A IDADE DOS METAIS.

Arredor do 4.000 a.C., e nos lugares onde se desenvolveu a agricultura, comezaron a usar obxectos de metal, primeiro de cobre, logo de bronce (unha aleación de cobre e estaño ) e por último de ferro.

Nesta época, algunhas civilizacións como as de Mesopotamia ou Exipto (na China un pouco máis tarde), inventaron xa a escritura, entrando de cheo na **Historia**.

### 11. Que inventos datan desta época?

- a) Na agricultura, o arado.
- b) Nos tecidos, os teares
- c) Na cerámica, o torno
- d) No metal, forxas e fundicións.
- e) Nas comunicacións, a roda.

### 12. Arte. Que tres tipos de restos históricos (artísticos) aparecen en Galicia durante a Idade dos metais? Explica cada un deles.

Mámoas, petróglifos e castros, explicados nas seguintes pregunta.s

### 13. Que son os megalitos? E o megalitismo?

Megalito, mega/grande, litos/pedra.

É un fenómeno que aparece por toda Europa e outros lugares no momento en que o home pasa a ser sedentario e agricultor. Cando no Paleolítico os grupos humanos se movían por amplos territorios na busca de alimento era imposible construír estes monumentos, xa que se require o emprego dunha enorme cantidade de esforzo e horas de traballo para construír estes monumentos.

### 14. Cita 2 exemplos de arquitectura megalítica que se encontren en Europa.

Crómlech (aliñamentos de pedras ou menhires ). Por exemplo:


- 1. Os crómlech de Stonehenge (en Gran Bretaña).
- 2. Os aliñamentos de Carnac (Francia ), de ata máis de 1 km de longo.



### 15. Que é unha mámoa?

É o monumento megalítico máis común en Galicia. Consiste nun montículo de terra que recobre un monumento de pedra no seu interior, normalmente un dolmen.

Eran empregadas como lugares de enterramento: depositábase o morto acompañado de obxectos da vida cotiá ( frechas, machadas, colares...) e recipientes de cerámica con comida.





**16. Que é un dolmen?**

É a parte interna dunha mámoa. Son un grupo de pedras colocadas formando unha especie de caseta.



**17. Que é un menhir?**

É un monumento de pedra alto, vertical.



**18. Que son os petróglifos?**

Son figuras gravadas nas rochas, seguramente con fins máxicos ou rituais.

Existen dous tipos de motivos:

- Xeométricos, poderíamos dicir que abstractos: círculos, labirintos,...
- Naturalistas: esceas con animais, figuras humanas e armas.




**19. Que son os castros?**

Un castro é un poboado fortificado prerromano, un asentamento da poboación (cultura castrexa, Idade do Ferro), do que falaremos no momento en que o Imperio Romano conquista o espazo galaico (a Gallaecia). Na imaxe, o castro de Baroña.

**20. Hai algunha relación entre os castros e a civilización romana?**


Verémolo no tema da Romanización (o Imperio Romano conquista o noroeste da Península Ibérica),



Imaxe da cuestión 18.



Imaxes para a cuestión 19:



HISTORIA 1º ESO: A PREHISTORIA

Cuestionario sobre o material realizado por Xosé F. Maneiro / viaxeaitaca.net / CC  
NC BY SA

